

## ORDENANZA ESPECÍFICA NÚM. 6

DENOMINACIÓN: ZONA INDUSTRIAL EXCLUSIVA (INDU)

DEFINICIÓN: ZONA DEDICADA ESPECIFICAMENTE A ALBERGAR USOS INDUSTRIAIS EN EDIFICIOS EXCLUSIVOS DESTE CARÁCTER

### 1.- CONDICIÓNS DE APROVEITAMENTO E VOLUMETRÍA

1.1 Aliñacións: son as sinaladas nos planos de ordenación.

1.2 Rasantes: as actualmente existentes no terreo e reflectidas nos planos do Plan Xeral.

1.3 Parcela edificable:

Superficie mínima: 500 m<sup>2</sup>.

Fronte mínima: 20 m.

Fondo mínimo: non se fixa.

1.4 Modo de fixa-lo aproveitamento:

Altura máxima sobre a rasante: 11m (salvo os elementos especiais que pertencen ó proceso de fabricación).

Cando polas condicións do proceso productivo se requiran maiores condicións de altura ou superficie poderán excepcionalmente autorizarse alturas maiores para as naves ou transformarse a edificabilidade superficial en cúbica de 5m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup> como máximo.

Fondo máximo edificable: non se fixa.

Edificabilidade máxima: 0.8 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

Nos polígonos delimitados o aproveitamento será o sinalado nas fichas correspondentes.

Superficie máxima construíble: non se fixa.

Separación en planta de volume edificado:

a) A alifacións: mínimo: 8m.

b) A lindeiros: 6 m.

Excepcións: Autorízase a construción acaroada sempre que medie proxecto técnico conxunto para as edificacións implicadas ou que exista acordo documental rexistrado entre os propietarios e así conste nos respectivos proxectos.

Gardarase unha separación mínima de 8 m respecto a lindeiro de parcela incluída no núcleo de poboación, ou dedicada a equipamento dotacional, debendo, ademais, establecerse na propiedade do uso industrial unha barreira vexetal para a absorción do ruído, retención de pó ou partículas e corta-vistas, consistente nunha ringleira de árbores de porte erguido, folla perenne e fronda densa, cunha separación non inferior a 2 m do lindeiro e unha distancia entre si que permita o contacto entre as copas, así como sebe vivo, de arbustos con folla perenne e fronda densa, reforzando por